



CONCELLO DE CHANTADA

Expte: 481/2022

RESOLUCION RELATIVA A RENUNCIA DUN TRABALLADOR DA BRIGADA DE INCENDIOS (PEON-CONDUTOR) ELEXIDO NO PROCESO SELECTIVO LEVADO A CABO PARA: 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEON CONDUTOR, E TRES PEONS, POR UN PERIODO DE TRES MESES; TEMPADA 2022 E NOVA CONVOCATORIA PARA CUBRIR A PRAZA VACANTE.

Don Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde-Presidente do Concello de Chantada (Lugo) en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

“Vistas as solicitudes presentadas para participar na convocatoria de selección por un período de tres meses dunha brigada contra incendios forestais en 2022, para a súa contratación neste Concello de Chantada, en réxime de persoal laboral temporal, polo sistema de concurso-oposición, cuxas bases foron publicadas no BOP nº 154, de data 07/07/2022, Taboleiro de Edictos do Concello, páxina web municipal e sede electrónica.

Unha vez realizadas as probas de acorde coas bases aprobadas, e vista a proposta do Tribunal calificador de data 19 de xullo do do 2022.

Visto o escrito de renuncia formulado por don Xoán Vence Argiz ao correspondente posto de peón-condutor, para o que había obtido praza, por haber obtido praza noutro Organismo relacionada coa súa titulación académica; R.E: 3162-2022 de data 04/0/2022.

Atendido que don Francisco Javier Rodríguez Dantas resultara aprobado nas probas de peón-condutor quedando polo tanto como bolseiro, e notificado o mesmo non aceptou o posto ofertado por estar a traballar nun posto de similares características no Concello de Monterroso, R.E: 3164-2022 de data 05/08/2022.

Vista a memoria da Alcaldía xustificando a urxencia de cubrir a praza vacante.

De conformidade coas bases aprobadas xunto coa convocatoria por Resolución da Alcaldía, de data 28/06/2020 e en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local”.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Acepta-las renuncias formuladas polos Señores Vence Argiz e Rodríguez Dantas, para as funcións de peón-condutor.

SEGUNDO.- Convocar proceso selectivo para unha praza de peón condutor, dandolle publicidade na páxina Web do Concello: concellodechantada.org e publícalo no diario El Progreso, nos mesmos termos que os específicos para dita praza cuxas bases foron publicadas no B.O.P de Lugo nº 154 de 7 de xullo e concedendo un prazo de tres días naturais a partires do día seguinte da publicación no citado diario.

En Chantada, a data da sinatura electrónica.

O Alcalde,

O Secretario, PD.

(Decreto 565-2022)

Asdo.: Manuel L. Varela Rodríguez.

Asdo.: Jesús Angel Ledo Cores

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org



Cod. Validación: 76ST2L6SFAALORNU55NA4PRLM | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1